

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CDR O VISO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PILOTO DA ABORDAXE DA POBREZA INFANTIL NA ÁREA RURAL 29¹, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Arturo Parrado Punte, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Xuventude,

DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar co Centro de Desenvolvemento Rural O Viso o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o día 30 de novembro do ano 2023, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xullo do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto regular o marco de cooperación entre o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso e a Consellería de Política Social e Xuventude para o desenvolvemento dun programa na área rural 29 dun proxecto piloto de abordaxe da pobreza infantil, mediante o cal se lles facilitará ás familias participantes apoios específicos para a atención social, o apoio socioeducativo e a mellora ou promoción da participación laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

¹ A área rural 29 é a denominación que lle da o Decreto 99/2012, do 30 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, para referirse á comprendida polos concellos de Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, A Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.



Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, fundaméntase no apartado c) do artigo 36 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este artigo prevé, con carácter excepcional, a concesión directa das subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. O interese público deriva da finalidade última do proxecto experimental, que é adquirir coñecemento con base científica de utilidade nas fórmulas de abordaxe da exclusión social, e concretamente, da pobreza infantil. Esta aprendizaxe é de interese para a mellora da eficacia e da calidade no exercicio das competencias que a Xunta de Galicia ten en materia de inclusión social. O interese social radica en que o proxecto formúlase sobre a hipótese de que terá, a través do desenvolvemento das súas actividades, impactos positivos nun dos grupos de poboación que presentan maior vulnerabilidade, concretamente familias con menores en situación de pobreza e/ou exclusión social. A redución da pobreza infantil é de interese social, do que tamén se desprende o carácter humanitario deste proxecto.

Trátase dun proxecto de carácter innovador en relación aos programas existentes, e está financiado con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que acouta a posta en marcha, desenvolvemento e peche nun período de tempo moi concreto, no que a Administración autonómica atopa dificultades ao axustarse pola axilización da mobilización e disposición de recursos que se requiren para levalo a cabo. Por este motivo recorre ao carácter excepcional que prevé o citado decreto de desenvolvemento da Lei de Subvencións de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar a execución de proxectos como o que se describe, a través do cal o CDR O Viso aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade do proxecto, debido a que enfoca o seu traballo na consecución da inclusión social activa de todos os membros das unidades familiares



con persoas menores que están en situación ou risco de exclusión social dun xeito integral.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Ademáis do dito anteriormente, hai que ter en conta o seguinte:

_ O carácter innovador do programa que se financia cos fondos de recuperación e resiliencia da Unión Europea e que, dada a súa natureza e características, precisa que o seu desenvolvemento se leve a cabo por parte de entidades que acrediten unha experiencia previa na posta en marcha de programas de características similares. Xunto con isto, tamén é fundamental o coñecemento das persoas usuarias, das súas necesidades e das fórmulas específicas de abordaxe.

- o programa ten un ámbito de actuación, que inclúe diferentes cidades e territorios, cunhas características específicas moi diferenciadas, isto implica que a elección da entidade obxecto da subvención veña condicionada, non só pola súa implantación no territorio, senón tamén por un coñecemento exhaustivo na realización de actuacións de contido similar ás que constitúen o obxecto do convenio nese marco xeográfico. Neste senso, hai que indicar que a xestión do proxecto vai precisar apoios externos do medio para asegurar a integridade da intervención con enfoque familiar, polo é fundamental o coñecemento da contorna e dos axentes sociais e económicos que operan nela.

- o desenvolvemento do programa precisa que a entidade subvencionada conte con medios persoais, materiais e económicos, xunto cunha solvencia técnica vinculada a unha traxectoria de traballo acreditada no seu ámbito e na área específica na que actúa.



O C.D.R. O Viso ten ampla experiencia na atención, a través de itinerarios personalizados, a familias en situación de pobreza e exclusión social nos concellos da área rural 29 de servizos sociais comunitarios, na que delimitará territorialmente a súa intervención no marco deste proxecto. Esta área comprende os concellos de Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, A Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

Así mesmo, conta cos recursos propios ou con capacidade de mobilización e provisión daqueles que non son da súa dependencia, ademais da capacidade técnica requirida para implantar o proxecto na zona e traballar coa intensidade que precisa cada familia participante.

Tendo en conta todo o exposto, considerando a existencia de razóns de interese público, social e económico, así como a amplitude e características do proxecto, esta entidade é a única que reúne os requisitos os requisitos de experiencia, implantación no territorio, solvencia, medios técnicos e coñecemento das persoas usuarias e da contorna social, necesarios para implementar o proxecto piloto na área rural 29. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de cumprir co preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria no lugar e data da sinatura dixital,

O DIRECTOR XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

Arturo Parrado Puente

